A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilas de moitos eventos, sentenzas patriarcales, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

Acordo:

**1º)** Esta Corporación expresa a súa vontade de seguir participando nas mobilizacións convocadas polo feminismo galego.

**2º)** Comprometerse a continuar o traballo de prevención e loita contra a violencia machista cos recursos económicos necesarios nos vindeiros exercicios económicos como se veu facendo nestes últimos anos.

**3º)** Demandar do Goberno central:

a) O incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.

b) A reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) Impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul).

#### **4º) Demandar da Xunta de Galiza:**

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijóo.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **7.2. MOCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS INSTRUCIÓNS DE ACCESO AO ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING) DE MONTE BALADO - BRIÓN.**

Dada conta da moción da alcaldía do 14.10.2019, que transcrita di:

Proximamente o Concello vai rematar as obras e o equipamento do espazo de traballo colaborativo (Coworking) de Monte Balado, do que o Concello é titular cesionario do uso polo prazo de cincuenta anos, e que conta con financiamento da Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Convenio núm. 101/2018, e do Feader, Medida Leader do PDR Galicia 2014/2020, Convocatoria 2018/2019.

Segundo o requirido desde o Grupo de Desenvolvemento Rural, Asociación Terras de Compostela, que xestiona a subvención do PDR Galicia 2014/2020, resulta necesario que entre a documentación xustificativa da subvención, se lle remitan unhas instrucións de uso do local aprobadas polo Concello.

Resultando que se trata dunha instrución de uso, e que podería aprobarse por esta alcaldía, considerouse conveniente a súa aprobación polo Pleno para unha maior transparencia e para xeral coñecemento da corporación.

Confeccionadas as mesmas, por esta alcaldía propónse a adopción do seguinte acordo:

#### **1º) Aprobar as seguintes instrucións:**

## **INSTRUCCIÓN DE ACCESO AO ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING) DE MONTE BALADO- BRIÓN.**

### **1. OBXECTO E FINALIDADE.**

#### **Obxecto.**

As presentes instrucións teñen por obxecto establecer os criterios de admisión das persoas solicitantes dos servizos que se ofrecen no espazo de traballo colaborativo (coworking) do Concello de Brión, instalado no centro comercial Monte Balado, no Concello de Brión.

Este coworking facilitará ás persoas usuarias, a posibilidade de dispoñer dun espazo de traballo dotado dunha serie de servizos e infraestruturas comúns que, propiciando a relación con outras empresas e/ou profesionais nunha situación similar, melloren as súas posibilidades de crecemento, consolidación e éxito empresarial.

#### **Finalidade.**

O Coworking de Monte Balado é un espazo de traballo local de carácter público, regulado polas presentes instrucións, polivalente e que pode ser complementario doutros servizos ou elementos de apoio, protección e desenvolvemento da actividade económica municipal, que o propio Concello de Brión ou outra institución pública ou privada, veña prestando, por si soa ou en colaboración con terceiros, e que persegue promover o desenvolvemento económico do primeiro sector a través do apoio e fomento aos pequenos produtores propietarios de explotacións horto-frutícolas establecidos no ámbito xeográfico comarcal coa finalidade de favorecer a creación de emprego e riqueza do tecido produtivo.

Recoñécense como fins xerais do coworking de Monte Balado os seguintes:

- a) Promover a sustentabilidade das pequenas explotacións agro-gandeiras facilitando a produción asociativa de alimentos frescos e transformados tanto animais como vexetais, cumprindo coa normativa sanitaria, valorizando a calidade e a diversidade das producións locais que demanda unha sociedade que consume máis san e responsablemente.
- b) Impulsar a consolidación, creación e posta en marcha de asociacións e pequenas empresas no ámbito comarcal nos eidos da horticultura e froiticultura a través do cultivo e transformación de froita, hortalizas e cereais.
- c) Fomentar a cultura colaborativa e o traballo en común.
- d) Apoiar e asesorar ás persoas emprendedoras no proceso de posta en marcha do seu proxecto.
- e) Axudar no desenvolvemento empresarial para a consolidación de proxectos que xa estén en marcha.
- f) Cooperar con outras institucións, especialmente a nivel local, comarcal e provincial, que apoiem a creación de empresas.
- g) Contribuír á diversificación da estrutura produtiva local e provincial, así como á xeración de emprego de calidade.
- h) Crear espazos para a reflexión, participación e cooperación de todos os actores locais, tanto públicos como privados, implicados na promoción económica e o desenvolvemento local.
- i) Fomentar a cultura emprendedora e a utilización de prácticas innovadoras nos diferentes ámbitos da vida.
- j) Colaborar no desenvolvemento de calquera acción que sirva aos fins anteriores.

## **2. LOCALIZACIÓN E ESPAZOS.**

### **Localización.**

O local está situado no terceiro andar do edificio do Centro comercial Monte Balado, na parroquia dos Ánxeles, Concello de Brión.

### **Espazos.**

O centro de traballo colaborativo (coworking) de Monte Balado conta cos seguintes espazos:

- Obrador: é o espazo central do proxecto, onde se vai desenvolver a actividade principal, a transformación dos produtos frescos en produtos elaborados: conservas, zumes, marmeladas, doces, etc. Este espazo vai constar de:
  - o Area de servizo: zona de recepción e almacenamento das materias primas
  - o Zona de obrador propiamente dita, con dúas liñas de produción
  - o Zona de agarda e enfriado para a manipulación do produto antes do empaketado final
  - o Distribuidor: zona para organizar os produtos e etiquetalos
  - o Almacén de produtos rematados, empaketados e preparados para a exposición
- Sala polivalente: zona de uso polivalente destinada á formación e á exposición de produtos elaborados.
- Almacéns externos:
  - o Almacén de produtos perecedeiros
  - o Almacén de material
- Zonas comúns:
  - o Vestiario e armario de limpeza
  - o Baños
- Terraza exterior

## **3. SERVICIOS OFERTADOS.**

Ó Concello de Brión correspóndelle a planificación, tramitación, xestión, coordinación, execución e seguimento de todos os servizos ofertados no espazo de traballo colaborativo de Monte Balado.

Os servizos que se prestan neste espazo coworking son os seguintes:

1. Cesión de espazos de traballo, formación e exposición. Estes espazos están perfectamente equipados con todo o necesario para desenvolver as actividades que alí se poden levar a cabo.
2. Servizos de apoio ao emprendemento.
3. Acceso e uso de servizos comúns tales como medios audiovisuais, sala polivalente de formación, exposición, charlas e presentación-promoción de produtos, equipamento informático como ordenador, impresora, etiquetadora.
4. Subministro de auga, enerxía eléctrica, recollida selectiva de lixos (excepto recollidas de residuos especiais que serán por conta de cada persoa usuaria).

## **4. PERSOAS DESTINATARIAS.**

Poderán optar ao acceso e uso das instalacións e/ou servizos calquera persoa física ou xurídica cos seguintes requisitos:

1. Ser produtores/as de pequenas explotacións agrícolas e hortofrutícolas de produción caseira da contorna:
  - a. Persoas que xa estén traballando, ben de xeito individual, ben de xeito colectivo a través de asociacións e/ou agrupacións de persoas produtoras.
  - b. Persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos tal como persoas desempregadas, especialmente mulleres e persoas mozas, que poidan estar interesadas en abrirse a novas posibilidades e poidan plantexarse atopar no sector agrario unha saída laboral digna e con posibilidade de futuro, sostible a nivel familiar e a nivel económico.
2. Ser maior de idade
3. Presentar xustificación documental de formación-coñecementos en:
  - a. Ambitos hixiénico-sanitarios de obradores
  - b. Manipulación para elaboración de alimentos
  - c. Transformación de froitas, hortalizas e/ou cereais
  - d. Tramitación de documentos de APPCs.

No caso de ser unha entidade a solicitante do servizo, deberán cumprir os requisitos establecidos anteriormente cada unha das persoas físicas que vaian facer uso da instalación.

#### **5. DURACIÓN DO SERVIZO E HORARIOS.**

O horario de uso do coworking de Monte Balado será de xornada continua de 08.00 a 22.00 horas de luns a sábado, con posibilidade de ampliación do mesmo en caso de que haxa acumulación de traballo e/ou solicitudes, sempre que estea dispoñible e sexa posible.

De forma particular, a aula de formación e outros espazos susceptibles de acoller eventos, poderán albergar de luns a sábado e en calquera horario, conferencias, cursos e outros actos, sempre que non condicionen o uso das instalacións de elaboración, previa solicitude conforme ao establecido no párrafo anterior.

En todo caso, as actividades programadas polo Concello de Brión en calquera dos espazos do coworking sempre terán preferencia sobre calquera outra solicitude.

#### **6. FORMA, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN.**

As persoas/entidades que desexen facer uso, tanto dos obradores como do espazo polivalente, deberán presentar unha solicitude dirixida ó Servizo municipal de formación e emprego, conforme ao modelo establecido polo concello.

O impreso de solicitude estará a disposición das persoas solicitantes a partir da data de aprobación destas instrucións de uso no dito servizo municipal de formación e emprego, situado na Casa da Cultura (Carballeira de Santa Minia nº5, Brión), así como na web desta entidade [www.concellodebrion.gal](http://www.concellodebrion.gal).

A presentación de solicitudes de acceso deberá realizarse con alomenos 2 días de antelación á data de uso solicitada. A solicitude, xunto coa documentación necesaria, poderá presentarse nas oficinas do Servizo municipal de formación e emprego, do Rexistro do Concello de Brión ou a través de calquera das modalidades de presentación de escritos recollidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ademais destes medios, tamén se poderá presentar a solicitude por vía telemática a través dos medios que para iso se poñan a disposición das persoas solicitantes.

A presentación da solicitude por parte das persoas interesadas implicará a aceptación do contido das presentes instrucións de uso.

#### **Documentación.**

As persoas usuarias do servizo deberán presentar:



1. Solicitude segundo o modelo establecido polo concello.
2. Fotocopia da identificación fiscal (DNI –CIF)
3. Certificación de formación establecida no punto 4 destas bases

No caso de que a Unidade Xestora, durante a revisión das solicitudes presentadas, detecte calquera deficiencia na documentación aportada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende nun prazo de 5 días naturais.

A resolución será comunicada ás persoas solicitantes vía telemática ou telefónica, indicándose nela a data, horario e zona/s. concedidas, así coma o modo de acceso ás instalacións.

## **7. OBRIGAS.**

As persoas usuarias do espazo coworking de Monte Balado estarán obrigadas a:

- a) Facer uso das instalacións na data e horario establecido e unicamente da/s zona/s cedida/s. O dereito de uso é persoal e intransferible, non podendo ser cedido en todo ou en parte, nin sequera a título gratuito ou accidental.
- b) Deixar en perfecto estado de uso as instalacións solicitadas. Todos os elementos de uso común, equipos e utensilios, deberán quedar perfectamente limpos e en condicións que non impidan a súa utilización ás seguintes persoas usuarias do espazo.
- c) Unha vez rematado o servizo, a persoa beneficiaria deberá retirar todas as súas pertenzas e produtos do espazo colaborativo. No suposto de non facelo, o concello de Brión poderá apartar as mesmas e pasado un prazo de un mes desde a finalización do servizo procederá á súa destrución.
- d) Aboar as cotas de uso que o Concello de Brión poida establecer na Ordenanza reguladora correspondente e, se correspondese, a fianza establecida.
- e) Acatar a normativa de uso e cantas normas e instrucións se diten para o control e xestión do espazo colaborativo.
- f) Comunicarlle ao concello de Brión calquera incidencia relativa ao mal uso ou avaría da instalación e equipamento de forma inmediata.
- g) Colaborar naquelas accións formativas, promocionais e/ou divulgativas impulsadas polo Concello de Brión que sexan consideradas beneficiosas para a visibilidade e funcionamento xeral do espazo de traballo.
- h) Prestar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- i) Non dispor de local propio para o exercicio da actividade.

O incumprimento destas obrigas conlevará a correspondente denegación do espazo nun futuro.

O concello de Brión resérvase a potestade, en caso de danos nas instalacións, equipamento, utensilios e servizos, de proceder a repoñer os danos con cargo ao usuario que os causou.

## **8. PROHIBICIÓNS.**

Prohíbese ás persoas usuarias do espazo colaborativo de Monte Balado:

- a) Arrendar, ceder ou gravar, en todo ou en parte, por calquera título, o dereito de uso ou utilización daqueles espazos solicitados.
- b) Introducir no espazo de traballo maquinaria ou elementos técnicos alleos á instalación.
- c) Realizar calquera tipo de obras, decoración, rótulos ou calquera outro elemento que afecte á imaxe corporativa e aos espazos do coworking.
- d) Utilizar as instalacións do espazo de traballo para fins distintos aos previstos nas presentes instrucións.
- e) Utilizar as instalacións sen ter recibido notificación do dereito de uso, na que se especifiquen días e horas asignados

## **9. XESTION E ADMINISTRACIÓN.**

O Concello de Brión encargarase da xestión e administración do centro, desenvolvendo a tales efectos os seguintes cometidos:

- Mantemento, funcionamento e conservación dos elementos comúns.
- Facturación e cobro ás persoas usuarias do importe correspondente á cesión do espazo.
- Seguimento do cumprimento das condicións establecidas nas presentes instrucións de uso.

## **10. VIXENCIA.**

Estas instrucións de uso do espazo coworking de Monte Balado serán de aplicación ás solicitudes que se presenten desde a data de aprobación das mesmas ata o momento en que se acorde cesar ou modificar a forma de prestación dos servizos aquí regulados por parte do Concello de Brión.

No suposto de que durante a vixencia deste documento fora preciso desenvolver algún dos aspectos que se contemplan no mesmo, ou realizar algunha adaptación ou modificación do mesmo, a persoa que ostente a Alcaldía do Concello de Brión terá potestade para autorizar ditos cambios, dando posteriormente conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

O Concello de Brión resérvase a facultade de interpretar o contido das presentes instrucións.

## **11. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL.**

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, perante o Concello de Brión na Praza do Concello 1, 15865 Brión, ou dirixindo un correo a [concello@concellodebrion.gal](mailto:concello@concellodebrion.gal)

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira pregunta se non se podería ampliar o prazo de cinco días para que completen a documentación e se non é posible que se introduzan utensilios propios, sinalando o Sr. Alcalde que o prazo é para que sexa máis áxil o funcionamento e respecto dos utensilios que non se pode, porque todo o que está alí está controlado por Sanidade.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **8º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **8.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do PP.**

**8.1.1.** A Sr<sup>a</sup>.Concelleira Fariña Bellón da lectura ao escrito con rexistro de entrada no Concello núm. 20199990000324, do 04.10.2019, que transcrito di:

Solicítase ao Concello, que na medida do posible, se tomen en conta as seguintes cuestións e se comunique a este Grupo Municipal do Partido Popular as solucións tomadas sobre os mesmos:

Neste mes pasado estívoise a facer reparacións na estrada da aldea de Busto de Frades en Comanda, véndose as seguintes deficiencias:

1.- Como se pode ver na fotografía número 1, non se entende como non se achegou co asfalto ata a entrada do garaxe, e se deixou unha zona na que esta a medrar herba.

2.- Como se pode ver nas fotografías número 2 e 3, non se entende como o comezo do camiño o cal da acceso ás vivendas nº 9 e nº 14, á marxe dereita se deixa en remate perpendicular ó terreo, cando anteriormente xa fora solucionado polos veciños este problema para poder acceder máis facilmente dende o lado dereito da vía con turismos e maquinaria agrícola de xeito máis seguro, ademais de que aproximadamente no mesmo lugar os operarios procederon tamén o taponamento dun sumidoiro de recollida de augas, o cal se debería destapar na máxima brevidade posible. No mesmo lugar só uns metros máis arriba, solicitouse no momento das obras o recheo de dito camiño, cunha lonxitude aproximada de 8 metros, xa que na actualidade e coas últimas obras realizadas faise imposible o acceso ás vivendas con ningún vehículo con remolque, xa que ditas obras acrecentaron a pendente e a gravilla dificulta o agarre dos vehículos que transiten. Dito camiño da servizo ademais a polo menos catro veciños do lugar os cales se ven afectados.

3.- Como se pode ver nas fotografías número 4 e 5, non se entende como non se puido axustar o asfalto aos postes alí situados, non rematando o asfalto contra o muro e se rematara ao redor dos mesmos.

4.- Como se pode ver nas fotografías número 6,7,8 e 9, queríamos saber se os citados "xardíns" pertencen aos propietarios da casa ou son terreo público, e de selo caso, por que non se chegou co asfalto ata os muros, ademais de retirárense as pedras que aínda están situadas o marxe da estrada, vemos isto un perigo tanto para veciños como para todo aquel que discorra polo lugar, solicitándose que se amplíe o asfalto ata o marxe dos muros.

5.- Como se pode ver na fotografía número 10, non se entende como se puido deixar tal desnivel nesa zona da estrada, a altura da vivenda nº 13 co conseguinte perigo tanto para as persoas que pasan pala zona como para os vehículos. Debemos solicitar o arranxo urxente de dito despropósito, e o rebaixe do firme urxentemente, nun tramo aproximado en 10 metros o longo da estrada, ademais de dispoñer de gabias entubadas e tapadas nun tramo que permita a seguridade de todos os usuarios da vía.

Nas fotografías aportadas, non se aprecia a realidade.

Solicítase que, se o teña en consideración se arranxen as deficiencias antes mencionadas.

**8.1.2.** A Sr<sup>a</sup>.Concelleira Fariña Bellón da lectura ao escrito con rexistro de entrada no Concello núm. 20199990000332, do 14.10.2019, que transcrito di:

Solicítase ao Concello, que na medida do posible, se tomen en conta as seguintes cuestións e se comunique a este Grupo Municipal do Partido Popular as solucións tomadas sobre os mesmos:

1.- Como se pode observar nas fotografías 1 e 2, na aldea de Busto de Frades, existe un camiño denominado Camiño da Revolta, de concentración parcelaria de medidas e límites perfectamente marcados e que se poden comprobar nas oficinas correspondentes, que da acceso a varias fincas de varios veciños, e todos os anos, cando chove inúndase, facendo un gran charco e non podendo acceder ás mesmas os veciños, e incluso se deu o caso de que algún tractor quedou enterrado tendo que abandonar a carga retrasando os traballos e causando prexuízos para o damnificado.

Solicítase que desde o Concello se tomen as medidas oportunas, sabemos que noutras ocasións os veciños solicitaron entubar polo menos parte do camiño para evitar o encharcamento do mesmo, pero pola negativa dun ou dous veciños á mellora do camiño o Concello non puido arranxar un camiño de titularidade pública, polo tanto desde aquí, e despois de baraxar varias opcións e falar cos veciños sobre cal pode ser outra solución plantexamos unha nova opción, a cal esperamos que polo ben da maioría dos veciños da aldea se considere asfaltar dito camiño para evitar que, a vista de que estamos no outono, e ante a previsión das inevitables choivas se volva a encher a citada zona de auga e se encharque facendo imposible que se poida acceder as fincas e pasar polo camiño.

2.- Como se pode observar nas fotografías 3 á 8 , os veciños de Busto de Frades solicitan o arranxo do Camiño da Pena xa que este atópase en moi malas condicións e non se pode circular por el obrigando os veciños a ter que desprazarse ata camiños no monte de A Graña para poder acceder ás fincas situadas a pouca distancia da nosa aldea, o que causa graves trastornos e gastos innecesarios para os veciños. Este problema, os veciños de Busto de Frades xa llo comunicaron a membros do goberno de maneira verbal nos meses estivais, pero fixeron caso omiso, ademais de que desde o Concello algún operario dixo que o “gran” problema deste camiño e que non teñen por onde botar a auga que baixa, sendo que ata o de agora baixaba por gabias a beira do camiño, aínda así o problema, que no momento foi resolto por un veciño que ofreceu de forma desinteresada a súa finca para solucionar ese problema dándolle unha saída a auga cunha presa o longo da mesma, e a todos os problemas que os operarios e membros de goberno plantexaron, aínda así non entendemos cal segue a ser o problema para non poder arranxar dito camiño.

3.- Como se pode observar nas fotografías 9,10 e 11, na aldea de Busto de Frades existe o Camiño das Longas, os veciños preguntanse o porqué do olvido do Concello cara este camiño, xa que este nos últimos anos non pasou por ningunha mellora de ningún tipo, incluso na limpeza de camiños é o olvidado de todos os anos, e desde aquí queremos recordarlle o Concello que este camiño da acceso a fincas urbanas polas cales se paga unha contribución en dita categoría e mínimo pola súa parte sería manter acondicionado e limpo dito camiño, xa que a maleza chega dun extremo o outro, ademais de que o firme é bastante irregular nalgúns tramos tendo que circular os tractores cargados e ladeados, co perigo que isto supón, este problema xa se pode apreciar na entrada do camiño, onde ten un desnivel considerable é perigoso. Pedimos que se solucionen estes pequenos problemas, xa que non son grandes obras, nin de moito tempo de gran custo, e que este non sexa o camiño esquecido.

Solicítase que, se o teña en consideración se arranxen as deficiencias antes mencionadas.

O Sr. Alcalde sinala que hai que recordar que estamos a falar da aldea de Busto de Frades, que é unha das 106 aldeas e 8 urbanizacións que hai no Concello, e que neste ano se fixeron tres camiños de zorra en Busto de Frades, un que vai ao pozo que teñen para regar, e no último Plan de Obras e Servizos aprobado aquí vai a reparación da aldea de Busto de Frades onde irán a entrada e saída da aldea e remates, e que onde teñen os veciños as plantas tampouco nos metemos nós cando hai oito metros para pasar; é certo que hai algún camiño que está mal pola choiva e algún de terra pode asfaltarse pero onte se foi en coche por el e non está moi mal entón; no proxecto integral vanse facer actuacións importantes en Busto de Frades.

Engade que hai camiños que non nos deixan arranxar e que coa auga hai problemas cos veciños que non queren que as fincas se asolaguen, que os veciños teñen que poñerse de acordo para facilitar que o Concello poida asfaltar eses camiños, teñen que poñerse de acordo todos os que están afectados.

## **8.2. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG.**

### **1. DETERIORO E FALTA DE LIMPEZA EN SINAIS E MARQUESIÑAS.**

En Brión son varios os exemplos de mobiliario urbano en malas condicións. Este feito, simple pero significativo, é reflexo de deixadez por parte do Concello de Brión e iso pode apreciarse no abandono, falta de mantemento e limpeza de sinais e marquesiñas.

A modo de exemplos podemos citar sinais en Moldes, Tembra, Amañecida, Goiáns, ... e falta de limpeza xeral nas marquesiñas de todo o territorio municipal.

solicitamos o mantemento e limpeza de todo o mobiliario urbano, sinais, marquesiñas, etc en todo o territorio do Concello.

Sinala o Sr. Alcalde que nada que dicir, sabemos que hai un deterioro importante dos sinais, algúns estragados polos traballos agrícolas cos tractores; estamos a facer un estudo para tentar metelos no próximo orzamento, intentaremos que a xente non pinte as marquesiñas, e esperamos meter algo no orzamento para facer algunhas actuacións de sinais.

## 2. APARCADOIRO NA ZONA ESCOLAR DE PEDROUZOS.

Tendo en conta a grande afluencia de vehículos á zona escolar de Pedrouzos ás horas de entrada e saída do Colexio e do Instituto e para facilitar ás familias o aparcamento mellorando tamén a seguridade vial na zona solicitamos do Concello de Brión que, mediante un acordo cos propietarios, se dedique a aparcamento a parcela situada abaixo de Colexio de Pedrouzos e se acometan os traballos necesarios para facilitar un acceso seguro e un bo aproveitamento do espazo.

Sinala o Sr. Alcalde que se está usando sen problema ningún, un día como onte estivo ocupado, é de dous propietarios e un é o Concello e se está a utilizar desde hai anos sen problemas.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira pregunta se se pode sinalizar.

O Sr. Alcalde responde que ao mellor é unha ousadía pola nosa parte sinalazala porque non é nosa, e se pode mellorar un pouco se fora necesario, pero non asfaltala.

## 3. SUBSTITUCIÓN DE FAROLAS NA AVENIDA DE NOIA E RÚA VICENTE RAMOS E MELLORA DA MOBILIDADE.

Temos coñecemento de que o Concello ten previsto a substitución das farolas existentes na avenida de Noia e a Rúa Vicente Ramos, entre Os Ánxe1es e o Tremo. Esta vía, como outras do noso Concello presenta graves deficiencias de accesibilidade e non facilita en absoluto a mobilidade sen coche. As beirarrúas son estreitas e precisamente as farolas fan que sexan intransitables en cadeira de rodas ou con carriños de bebé. Preguntamos:

1- Cando está prevista a substitución das farolas?

2- O Concello vai situar as novas farolas no mesmo lugar que as xa existentes dificultando o paso en moitos puntos?

3- Non sería máis razoable realizar nunha soa obra a substitución das farolas e a mellora da accesibilidade e a mobilidade nesta zona en vez de gastar o diñeiro en colocar unhas farolas novas que terán que ser removidas máis pronto que tarde?

Solicitamos que, con participación de todos (grupos políticos, asociacións, veciños e veciñas...) se deseñe un plan de humanización e mellora da mobilidade e, aproveitando a renovación das luminarias acometer unhas medidas mínimas urxentes para facilitar o tránsito peonil entre o Tremo e Os Ánxeles.

Responde o Sr. Alcalde que as farolas son máis estreitas que as actuais e se colocarán de maneira que molesten o menos posible; temos pedido á Xunta que nos ceda a estrada desde o límite de Ames ata a rotonda para ampliar as beirarrúas, que nola ceda pero desde logo nas debidas condicións, en perfecto estado.

## 4. ACTOS RELIXIOSOS NO XANTAR DOS MAIORES.

No pasado mes de agosto celebrouse en Brión o xantar dos maiores organizado polo concello. Sobre este acto preguntamos:

De quen foia iniciativa de incluír unha celebración relixiosa nun acto institucional do Concello?

Solicitamos que o Concello de Brión, en cumprimento da separación entre as institucións públicas e Igrexa Católica ou calquera outra confesión, e desde o respecto absoluto á liberdade relixiosa de todos os veciños e veciñas, non inclúa celebracións relixiosas nas súas actividades.

Responde o Sr. Alcalde que en 35 anos de celebración da festa sempre houbo misa e mentres eu estea aquí seguirá habendo misa; o que quere vai e o que non quere non vai, pero que o 95% das persoas van e creo que non prexudica a ninguén; é unha tradición para nós a celebración, e das 600 persoas pode haber na misa 500; a misa celébrase nun sitio e a festa noutra, e non creo que a misa lle faga mal a ninguén.

##### 5. EDIFICACIÓNS RUINOSAS E PERIGOSAS.

No noso Concello existen edificacións que presentan un estado ruinoso que, a maiores de supoñer un deterioro da paisaxe, poden supoñer un perigo en caso de acceder a elas especialmente nenos ou nenas.

Isto é causa de preocupación entre a veciñanza de distintos lugares e un exemplo pode ser o expresado por veciños e veciñas da Buratiña a respecto de varias fincas e construcións abandonadas na zona. A respecto disto preguntamos:

1. Ten o Concello de Brión algún inventario de edificacións en estado de ruína, especialmente das que poden supoñer algún perigo?
2. Ten feito ou ten previsto facer algo ao respecto antes de que teñamos que lamentar sucesos evitables?

Responde o Sr. Alcalde que actuamos inmediatamente cando nolo comunican, pode declararse a ruína pero entón hai que derrubalo e a Lei do solo sinala que son os donos os responsables de mantelas nas debidas condicións, e sinalar que logo de declarada ruína non se pode rehabilitar, por iso intentamos concienciar á xente para que protexa esas edificacións, e nalgún caso conseguíuse, noutros non, e se vostede quere presente algún escrito denunciando algunha ruína.

##### 6. CREACIÓN DA CASA DA MOCIDADE DE BRIÓN.

No Concello de Brión existe, afortunadamente, unha boa proporción de poboación adolescente e moza.

Porén este segmento da veciñanza non se ve suficientemente atendido desde a institución municipal nin con actividades dirixidas e acaídas á súa idade nin cun espazo propio para os mozos e mozas onde poidan desenvolver as súas inxedanzas, pasar tempo de ocio saudable e que sirva de lugar de convivencia e punto de partida para diversas actividades nas que poidan participar (actividades lúdicas, culturais, formativas, de voluntariado, etc...)

Solicitamos do Concello de Brión a creación dunha Casa da Mocidade coa posta a disposición dos mozos e mozas do Concello dun espazo adecuado, coa dotación de material necesaria para disfrutar da convivencia e tempo de ocio saudable e co persoal e horario de apertura adaptado ás necesidades da nosa xente nova.

Solicitamos tamén que se potencie a participación de mozos e mozas no deseño e organización de actividades acaídas e que resulten do seu interese.

Responde o Sr. Alcalde que a min gústame aprender doutros, e xa aprendín de Santiago co tema de que se vai derrubar ou non se vai derrubar a Casa do Matadoiro, cun resultado nefasto.

Engade que desde os anos 90 existe unha oficina de información xuvenil e temos locais sociais en todas as parroquias e na capitalidade e poden solicitarse polos grupos de mozos e mozas.

O Concello fai unha oferta deportivo/cultural que tamén vai dedicada á xuventude, imos tentar recuperar a excursión da mocidade que deixou de facer por falta de participantes, e que os locais que temos nas parroquias se ceden para actos puntuais ou para algo máis permanente.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que se tratar de crear puntos de encontro onde poidan estar sen necesidade de estar programado.

O Sr. Alcalde sinala que existen en todos os sitios, teñen o espazo alí e teñen que solicitalo e facerse cargo do que hai alí, e actividades teñen todas as do mundo, un Concello como Brión dificilmente pode ter máis actividades para a xuventude.

#### 7. PREOCUPACIÓN VECIÑAL ANTE O COMEZO DA TEMPADA DE CAZA.

Esta mesma semana da comezo a tempada ordinaria de caza e veciños e veciñas de diferentes aldeas do noso Concello expresaron o seu temor a que se repitan situacións de anos anteriores por parte de algúns cazadores que non respectan as zonas de seguridade. Solicitamos do Concello de Brión que vele pola seguridade e a tranquilidade da veciñanza e utilice os medios ao seu alcance (mediante charlas coa sociedade de cazadores e a actuación da policía local na medida das súas funcións e capacidade) e inste á a gardería do Servizo de Patrimonio Natural e ao Seprona a vixiar o cumprimento da normativa no que se refire á seguridade no exercicio da caza.

Responde o Sr. Alcalde que eu non estou enterado desa preocupación, non recordo ningún incidente e lle informo que este ano haberá un garda novo na Sociedade de Caza para intentar que se cumpra con todo, que debe fomentarse a caza e que están a facer un bo traballo de repoboación.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que a nós si non chegaron queixas con esa preocupación.

O Sr. Alcalde responde que se non o fan as sancións son realmente importantes, eu nunca escoitei ningún problema cos cazadores, de verdade.

#### 8. FALTA DE LIMPEZA DESPOIS DAS FESTAS.

É habitual que os arredores dos lugares de celebración de festas e verbenas aparezan o día seguinte cubertos de residuos: botellas, plásticos, vidros rotos etc. Entendemos que isto é un problema que non ten fácil solución e para reduci-lo necesítanse accións de educación e concienciación, alternativas de ocio saudable, etc.

Pero bótase de menos e desde aquí solicitamos tamén unha resposta planificada e rápida do concello para limpar estas zonas, especialmente cando afecta a parques infantís, zonas de tránsito, etc, como acorre reiteradamente na zona do Tremo cada vez que hai festa nas proximidades e que obriga a veciños e veciñas, ante a inacción do Concello, a limpar eles mesmos a zona para evitarlle riscos a nenos e nenas e que poidan usar o parque.

Responde o Sr. Alcalde que é responsabilidade das comisións de festas, non do Concello; nós en Santa Minia, que organizamos nós, ás 8 do día seguinte está perfecto; este ano no Tremo houbo botellón e lle dixemos á comisión que non houbera máis botellóns e que se o hai teñen a súa responsabilidade, e tamén podemos colaborar con eles se o solicitan as comisións organizadoras, estaremos pendentes de que non haxa eses problemas, pero limpar os sitios da festa é responsabilidade da comisión; temos que colaborar entre todos, e as comisións de festas saben que iso non se pode facer.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González